

O Concello da
Coruña renovará o
Paseo Marítimo



Páxina 5

Clases gratuítas
de español para
refuxiados
ucraínos



Páxina 6

PSdeG de
Ourense reúnese
co Presidente
da Cámara
de Melgaço



Páxina 11

Volve a Festa do
Boi de Allariz



Páxina 12

Os rosados,
presentes na Feira
do Viño de Amandi



Páxina 18



Feira do Viño de Chantada do 3 ao 5 de xuño 2022

Páxinas 8 a 10

O autobús “Coidados
porta a porta”
iniciou o seu periplo
no Pereiro de Aguiar



Páxina 15



Felicitamos ós chantadinos
pola súa 39 Festa do Viño

Eironeño dos Cabaleiros, 1 Tfno.988 227 045. Ourense



www.saneacontrol.com

Establecemento seguro
Certificado desinfección

Rúa Marcelo Macías, 35. Teléfono 988 231 107 OURENSE

Opinión

Por Xoán Antón Pérez-Lema

0 Estado delincuente

No conxunto do Estado non se está avaliando en toda a súa gravidade real o escándalo de espionaxe mediante o programa Pegasus a 65 cidadáns cataláns e 2 vascos. Espionaxe que parece que só puido ser desenvolto polo CNI, polos propios servizos estatais de información, pois esta aplicación non se vende a clientes que non sexan Estados. A dimensión, intensidade e extensión cuantitativa do fenómeno e a súa duración, que abarca desde o Goberno de Rajoy no 2015 ao actual de Pedro Sánchez, polo menos ata finais de 2020, fai moi improbable que todas e cada unha das actuacións recibisen a validez “ad hoc” do maxistrado do Tribunal Supremo estatal ao que a Lei reguladora do CNI atribúelle o control xudicial.

Entón, é altísimamente probable que esteamos ante gravísimos delitos. En primeiro lugar, dun delito de descubrimento e difusión de segredos por Autoridade e Funcionario Público do artigo 198 do Código penal (CP), penado con prisión de catro a oito anos. Pero unha operación desta envergadura require de moitísimos recursos públicos, que emanarían dos fondos asignados ordinariamente ao CNI. Velaí a probabilidade de que, mediante expedientes de contratación pública falseados, fosen asignados recursos públicos previamente orzados para outros fins ao obxecto de financiar este macroespionaxe. Entón, estaríamos tamén ante delitos de falsidade en documento público (artigo 390.1 CP) como medio para a comisión de delitos de malversación na súa modalidade de administración desleal (artigo 432 en relación co 252 CP). No tamén probable caso de delito continuado, ese concurso delituoso de falsidade documental e malversación estaría penado con prisión de seis a oito anos.

A maiores, existe especial gravidade política na espionaxe a avogados no cumprimento das súas funcións de defensa penal, funcións que constitúen os fundamentos do estado de dereito. Jaume Alonso-Cuevillas, Gonzalo Boye, Andreu van der Eynde e, parece ser, o avogado escocés

da conselleira Clara Ponsatí, Aamaer Anwar, foron espiados no desenvolvemento da defensa penal dos seus clientes, accedendo á información que lles foi facilitada por



“Existe especial gravidade política na espionaxe a avogados no cumprimento das súas funcións de defensa penal, funcións que constitúen os fundamentos do estado de dereito”

estes e mesmo ás súas estratexias procesuais. Chegou esta información ao Ministerio Fiscal ou a algún dos órganos xurisdiccionais que axuizaba aos clientes destes avogados? Existiu interferencia da espionaxe española na xustiza escocesa?

Tivo coñecemento destas condutas o Goberno do Estado?

Sería moi grave que os Gobernos do Estado actuantes entre 2015 e 2020 non tivesen coñecemento destas condutas. Pero o seu desenvolvemento e, concretamente, o descoñecemento do presidente Sánchez e da ministra Robles sería tamén gravísimo, pois reflectiría unha sospeita racional, pero incompatible con calquera réxime democrático: que os servizos estatais de información xogan con autonomía á marxe dos Gobernos do Estado. Velaí que sexa precisa unha investigación moi rigorosa, mesmo para determinar se é o propio CNI o que decide sen control xudicial nin do Goberno do Estado as persoas para espiar. Porque entón estaríamos ante un Deep

State con funcionamento autónomo respecto dunhas institucións democráticas que, nese caso, mostraríanse como simple superestrutura á estrutura do poder real.

En realidade, a reacción da prensa madrileña de dereitas encaixa nestas sospeitas. No medio do acelerado proceso de perda do prestixio do Goberno Sánchez por mor da crise inflacionaria, nin o PP, nin Vox,

nin os seus portavoces mediáticos aproveitaron a oportunidade para maximizar o acoso ao Goberno do Estado. A razón desta paradoxal conduta non só fúndase en que fosen Rajoy e Sainz de Santamaría quen comezase a espionaxe, senón no substancial acordo entre a dereita e boa parte da esquerda española —e mesmo me atrevería a dicir, de boa parte da opinión pública española na dereita e na esquerda—. Estas condutas poderían ser, si, ilegais e antidemocráticas, pero convenientes para a unidade de España. Que parece que para millóns é o único importante.

Pode o Goberno do Estado reaccionar?

O Goberno Sánchez non foi capaz ata o momento de reaccionar, ao parecer prisionero da autoritaria lexislación de segredos oficiais e reguladora do CNI e da lóxica penal do inimigo instalada na opinión pública madrileña. Fixémonos en que, tanto no seo do PSOE como dos axentes sociais máis próximos, non existiu reacción algunha fronte a condutas tan graves.

O tempo estáselle esgotando, pero aínda podería Sánchez mostrar que é un estadista e aproveitar a ocasión para propoñer unha reforma integral da lexislación de segredos oficiais, do estatuto do CNI e doutras leis restritivas da convivencia democrática, como a “lei mordaza”. Sería unha operación política que lle posibilitaría reconstruír pontes coas forzas soberanistas da maioría de investidura e reactivaría a alerta democrática e antifascista de millóns de cidadáns e non só nos Países Cataláns, Euzkaldunak ou Galiza. Sería, moi probablemente, a última oportunidade da lexislatura

para definir políticas de afondamento da democracia liberal e de entendemento en clave plurinacional. Mesmo de facer posible unha reedición futura da maioría da investidura nunhas mínimas condicións de confianza recíproca.



En poucos días saberemos se o PSOE elixe o pacto do 155 ou a única alternativa para facer reformable ao Estado nun sentido democrático. Pero hai pouca marxe para o optimismo.

Consecuencias políticas da inacción de Sánchez

No caso de que o Goberno Sánchez confirme o seu inacción (ou desenvolva unha representación de activismo lampedusiano para que todo sexa igual) quedará claro, na escena política catalá, que a mesa de diálogo só valeulle ao unionismo para desactivar a maioría parlamentaria do 52% de febreiro de 2021 e profundou na súa estratexia para fragmentar e debilitar o soberanismo. Quedará bastante claro, como dixo o avogado e deputado de JuntsxCat Jaume Alonso-Cuevillas, que na mesa de diálogo estaba o CNI. A mesa de diálogo só difundiu o desánimo e motivou que parte da sociedade catalá mire máis ao dedo que á lúa. Mire máis as propias limitacións que as propias oportunidades.

Non obstante, esta crise política xerará oportunidades para o soberanismo. Oportunidades para priorizar de novo unha estratexia concertada de unidade soberanista que compatibilice a gobernanza autonómica, o favorecemento empresarial e a xustiza social na acción da Generalitat cunha estratexia de confrontación pacífica e intelixente co Estado no plano da defensa da lexitimidade democrática do 1-0. Unha estratexia que, quizais máis que nunca, compételle desenvolver ao President Puigdemont e ao Consell per la República.

A inxenua confianza mostrada por parte do independentismo catalán nas dinámicas da esquerda estatal fíxolle perder ao conxunto do soberanismo perspectiva, unidade e prestixio social. Esa inxenua confianza debería quedar definitivamente arquivada ante a imposibilidade de reforma substancial do estado español que, nos próximos días, outra vez e por desgraza, confirmaremos.

Director: Guillermo Rodríguez Fdez.

T.658 58 50 49

guillermo@novasdoeixoatlantico.com

Edita: Editorial NOVAS DO EIXO ATLÁNTICO S.L.

Avda. Sarmiento Rivera, 4-4ºD

(36860 PONTEAREAS - GALIZA) - T. 986 64 12 69

redaccion@novasdoeixoatlantico.com

Imprime: Publicaciones Tameiga S.L.

Publicidade: Departamento propio e axencias
publicidade@novasdoeixoatlantico.com

Fotografía: Hernández e departamento propio

Deseño e maquetación: Fran Eiró

Colaboradores:

GALIZA: Montserrat Rodríguez – Porto Ucha – Raquel Vázquez – C. Méixome – M. Xiraldez – Pérez Lema – X. Glez. Mtnéz. – M. Bragado – B. Iglesias (Mero) – Nemesio Barxa – Andrea Goro – Anxo Mena – I. Otero Varela – Susi Rodríguez – Jesús Témez Fernández – Isidoro Gracia – Rafael José Adalid – Laura de Cáceres – Kiko Neves – Ramón Mariño – Manuel Estévez.

PAIS BASCO: Nicolás Xamardo. **CANARIAS:** Fco. Puñal.

Fotografía: Dpto. Propio.

Humor: Tokio, Martirena – Pepe Carreiro – X. Marín – Xosé Manuel Fernández Montes (Her-manager Produccións) – Ignacio Hortas – Francisco Puñal – Felix Ronda – Fuco Prado – Sex.

Depósito legal: VG-138-2015

O MAPAMUNDI

Por Roberto Mansilla Blanco

Estamos ante unha III Guerra Mundial?

O ministro ruso de Exteriores Serguéi Lavrov advertiu que "o risco dun conflito nuclear é grave e real". O conflito ucraíno, cada vez máis atascado, xa leva dous meses de duración. EEUU, a OTAN e a UE xa non esconden que asisten militarmente a Ucraína, toda vez en Rusia fábase da mobilización xeral.

Sexan asertivas ou disuasivas as súas palabras, Lavrov pón na mesa a tensión in crescendo entre Rusia e a OTAN, que non sabemos se non ten retorno. Xa se viron ataques ucraínos dentro do territorio da Federación rusa toda vez comezan a observarse outros na república de Transnistria, enclave prorruso entre Moldavia e Ucraína.

Diversos estratexas militares advirten dunha segunda fase da guerra na que Putin podería atacar a países membros da OTAN tales como as repúblicas bálticas, Polonia ou Romanía. O cumio da OTAN de Madrid previsto para finais de xuño pode certificar unha nova ampliación da Alianza Atlántica, neste caso cara países tradicio-

nalmente neutrais como Suecia e Finlandia, hoxe ameazados por Putin.



A perspectiva desta guerra nuclear fortalece o poder dos "falcóns" militaristas dende Washington ata Moscova, Kiev, Bruxelas e incluso Beijing e Tokio. Tres décadas despois do final da "guerra fría" e da disolución da URSS, volven a proliferación nuclear e a desaforada carreira armamentista.

Porque Asia non está fora de perigo. Aquí temos, entre outras, a tensión nuclear

na península coreana e entre India e Paquistán, así como o conflito soberanista por Taiwán que involucra directamente a China e EEUU. Washington impulsa un pacto con Gran Bretaña e Australia orientado a cercar a China no sueste asiático. E a guerra ucraína certificou a "asianización" de Rusia, que se afasta cada vez máis de Occidente por mor das súas sancións mentres se achega económica e militarmente a potencias emerxentes como China, India, Turquía e Irán.

A peor crise nas relacións entre Rusia e Occidente dende a dos misiles de Cuba de 1962 coloca ao mundo en vilo. Non sabemos se Ucraína é un apéndice da III Guerra Mundial "en cámara lenta". Pero quizais é máis asertivo considerar que os "falcóns", os partidarios da "líña dura", están de regreso. Volve a guerra convencional, a que se fai contra Estados, forzas armadas, territorios, sociedades, pero agora con tecnoloxías máis avanzadas e mecanismos tamén híbridos de desinformación

e ataques cibernéticos. Para estes "falcóns", tanto gasto en armamento ten que ter algunha "saída" que consolide a súa "raison d'être".

En Ucraína acabou definitivamente esa noción de "guerra contra o terrorismo" e das "guerras asimétricas" que Al Qaeda anunciou co derrube das Torres Xemelgas en 2001 e que propiciou tamén a guerra de Iraq en 2003. Esas "guerras" non convencionais involucraban a unha imperceptible e líquida rede de "yihadistas", "milicianos" e "lobos solitarios" que non precisaban de gobernos, territorios nin forzas armadas para atacar.

Aos "falcóns" de toda a vida non lles gusta esas guerras. Queren as de sempre, as que se fan contra inimigos perceptibles, visibles e incluso estáticos. E queren, por certo, seguir mantendo os seus "oficios" militaristas a costa do sufrimento dos civís. Así e todo teña que ser activando o botón nuclear.



Por Antonio Rodríguez Álvarez

A propósito do embarcadero de Doade

Con demasiada frecuencia nos últimos dous anos aparece nos distintos medios de comunicación, especialmente nos escritos, manifestacións de diletantes historiadores e periodistas, informacións como a seguinte: "El Club Náutico de Ponte do Sil sigue apareciendo en Google Maps como -embarcadero de Doade a pesar de que se encuentra en territorio de Monforte y no en la parroquia soberina de este nombre", ver La Voz de Galicia, 14 de abril de 2022.

Estas manifestacións inexactas crean opinión que da lugar a múltiples problemas que convén aclarar xa de forma definitiva.

1.- O recién bautizado "Embarcadero Ponte do Sil" pola área de turismo da Diputación de Lugo unicamente conduce a equívocos para chegar a él. Veámos: Ponte do Sil é un topónimo do Concello de Ribas de Sil e así figura no Mapa Topográfico Nacional do Instituto Geográfico Español así como no Mapa Topográfico do Exército dende a súa creación. Na actualidade Google Maps tamén o ubica en Ribas do Sil, como non podía ser doutro xeito.

2.- A ponte que cruza o Sil pola LU-903 e OR-903 denomínase "Ponte de Paradela" ao atoparse nesta parroquia do Concello de Castro Caldelas o seu maior treito. Ao



menos desde a súa construción, en 1952, así figura na documentación existente.

3.- A parroquia de Doade abrangue parte do término municipal de Monforte de Lemos e Sober. Non coinciden as demarcacións eclesiástica e civil; aquela moito anterior a ésta (1833). A parroquia de Marcelle non chega ata o río Sil, senon que o seu límite sur é o pueblo de Ceceda, pois Palleiros e San Pedro de Baños pertencen dende

sempre a Doade. Os habitantes destes pobos son da parroquia de Doade e así se sinten pois bautízanse, casanse e enterranse no cemiterio parroquial; a parroquia e non o municipio é a institución propia da organización territorial de Galicia como di o noso actual Estatuto de Autonomía de 1981.

En conclusión: a) O nome de Embarcadero de Doade é o correcto porque se atopa na parroquia soberina deste nome donde non chega a parroquia de Marcelle, b) A denominación recente "embarcadero Ponte do Sil" é errónea e confusa xa que onde está situado é no chamado Ponte de Paradela. c) Embarcadero Ponte do Sil está ubicado e sinalizado na parroquia de Paradela, término municipal de Castro Caldelas.



 Asesoría • Fiscal • Laboral • Contable Seguros • Herencias • Gestión de Comunidades Avda. de Zamora 3 Entlo. Ofc. 1, Ourense ☎ 988 61 68 90 WWW.INICIASORES.COM	 +25 años a su servicio Sto. Domingo 37, Entresuelo, Ourense enfrente confitería ☎ 988 232 903	 info@jbainmobiliaria.com 988 10 20 75 www.jbainmobiliaria.com	 PUBLICIDADE E COMUNICACIÓN Diseño • Imprenta Rotulación • Eventos Francisco de Moure 20 • Ourense 988 60 70 75 www.orixepublicidade.es
---	---	--	---

Opinión

Caderno da viaxe

Por Xoán Antón Pérez-Lema

Aprendermos a historia de Galicia

Alexislación estatal distribúe as competencias para a fixación do currículo educativo ao 50% entre a Administración do Estado e cadansúa Administración autonómica nos países con lingua propia. No exercicio desta competencia o Goberno do Estado ven de fixar os contidos mínimos a estudar na historia española, cinguíndose exclusivamente á historia contemporánea, dende a aprobación da Constitución de Cádiz, priorizando deste xeito un relato de España como nación única e omitindo períodos históricos como o medieval ou o da Idade Moderna que deixan moito máis patente a evolución da península ibérica como ámbito territorial dunha convivencia plurinacional.

Xa que logo, o lóxico sería que Galicia aproveitase as súas competencias para



desenvolver estes mínimos curriculares inserindo e estudo da historia propia. Unha historia agachada pola historiografía española e descoñecida por unha grande maioría da nosa cidadanía.

Mais a Xunta non está por traballar na lóxica devandita. E velaí como o conselleiro

de Educación demite da súa responsabilidade, promovendo contidos adicionais aos mínimos estatais precisamente dos períodos omitidos da historia española, no canto de por os bimbios para aprendermos no bacharelato a historia de Galicia.

Sen o coñecemento do noso subtrato celta, da romanización, das achegas sueva e britoa ou da irrelevancia da invasión árabe non se entende o xurdimento do reino de Galicia no século IX. Sen explicarmos o reino de Galicia non se entende o fenómeno xacobeo nin a prosperidade do noso país nos séculos XII e XIII, da que xurden a Catedral compostelá e o seu Pórtico da Gloria e máis a fundación de vilas e cidades portuarias como Baiona, Noia, Viveiro ou A Coruña. Sen explicarmos a transcendencia da separación de Portugal e da unión persoal do reino de Galicia e León co de Castela en 1230 non se entende a tendencia proportuguesa e anticastelá da meirande parte da aristocracia e do

pobo galegos nos séculos XIV e XV nin a represión dos Reis Católicos pola aposta galega pola lexítima raíña Xoana no canto da non lexítima Isabel.

Sen coñecermos a transcendencia da introdución dos cultivos da pataca e do millo e a funcionalidade do foron non podemos entender a prosperidade da agricultura galega nin a súa punxante demografía no século XVIII. Sen entender os efectos do centralismo e o fracaso da nosa revolución democrática de 1846 non podemos coñecer o porqué do noso empobrecemento e da emigración. Sen coñecer o labor do Partido Galeguista non entenderemos o plebiscito do Estatuto de 1936, de onde xurde, constitucionalmente, o noso recoñecemento como nacionalidade e, xa que logo, a legalidade autonómica que fai que Román Rodríguez de conselleiro.



Por Fito Álvarez

Nin Pedro Sánchez nin Marrocos conseguiron cambiar a natureza do conflito saharauí

A pesar dos intentos de Marrocos, agora co apoio do goberno de Pedro Sánchez, de diluír a realidade da causa saharauí, non conseguiron cambiar a natureza do conflito, considerado pola ONU, a Corte Internacional de Xustiza e todas as xurisdicións europeas como unha cuestión de descolonización.

Desde a ocupación do Sahara Occidental en 1975, Marrocos tentou por todos os medios lexítimar a súa ocupación cambiando a noción do dereito de autodeterminación coa proposta de autonomía,

A natureza xurídica do conflito foi decidida polas Nacións Unidas en 1965, cando por primeira vez a Asemblea Xeral pide a España iniciar o proceso de descolonización,



e ratificada en 1975 pola Corte Internacional de Xustiza que ditaminou que "non existen

vínculos de soberanía entre o Sahara e Marrocos (...) Debe aplicarse por tanto, o principio de autodeterminación".

O conflito segue estando en esencia ligado ao dereito dos saharauís para decidir o seu futuro mediante a celebración dun referendo.

O cambio de posición do presidente do Goberno español, Pedro Sánchez, sobre a cuestión do Sahara Occidental, é a consecuencia da presión exercida sobre o dirixente español por Marrocos, especialmente a través do mapa da inmigración ilegal, o terrorismo e o que concierne ás fronteiras de Ceuta e Melilla, e supón unha concesión máis á chantaxe do réxime marroquí.

A pesar de que, en España, as decisións

en política exterior deben ser aprobadas polo goberno, e ao ser este un órgano colexiado debería contar co coñecemento e aprobación dos

ministros, Pedro Sánchez decidiu unilateralmente cambiar a tradicional postura, de aparente neutralidade, con respecto a este conflito. Ademais de non contar Sánchez co apoio do Congreso dos Deputados que, o pasado día 7, aprobaba unha Proposición non de Lei, co único voto en contra do PSOE, que pedía o apoio a un referendo no marco das Nacións Unidas. Polo que a posición do Goberno Español ademais de ser unha grave irresponsabilidade carece de toda lexitimación. Non podemos nin debemos esquecer que España segue sendo a potencia administradora do Sahara Occidental e ten a obrigaón de concluír coa descolonización do territorio.



Fai valer os teus dereitos!

Recupera os teus cartos sen provisión de fondos.

881 964 020

· CLÁUSULAS DE CHAN E GASTOS ·
· ACCIÓNS DO BANCO POPULAR ·
Ampliación de capital 2016



PÉREZ - LEMA
Avogados e consultores

Bancario - Mercantil - Penal - Administrativo
Concursal - Laboral - Litigacións en xeral

www.xoanantonperezlema.com Fontán, 4 - 3ºD. 15004, A Coruña

Concello da Coruña renovará o Paseo Marítimo

O Concello da Coruña aprobou en sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local, o proxecto para reurbanizar o tramo do Paseo Marítimo que conecta o dique de abrigo co cemiterio de Santo Amaro, un percorrido de case quilómetro e medio de lonxitude que se mellorará co obxectivo de humanizar e naturalizar un espazo emblemático da cidade.

Os traballos poranse en marcha dentro da Estratexia Integrada de Desenvolvemento Urbano Sostible (EIDUS) referida ás actuacións e proxectos con fondos FEDER da Unión Europea, e implicarán un investimento de 3,1 millóns de euros para transformar esta sección oriental do Paseo

Marítimo e mellorar a contorna en termos urbanos e ambientais.

Investimento nas IEM

Por outra banda, a Xunta de Goberno Local aprobou un investimento de 2,7 millóns de euros para a prestación do servizo de xestión das Escolas Infantís Municipais da Agra do Orzán, O Castrellón-Carricanta, Os Cativos, Os Rosales, Mesoiro-Caracola, Arela, Luís Seoane e Monte Alto.

Neste sentido, será o terceiro ano consecutivo no que as nais e pais dos pequenos que asisten ás Escolas Infantís Municipais (EIM) terán garantida a gratuidade do servizo, unha medida posta en marcha neste mandato como parte do plan de axuda ás familias, e que beneficia a máis de

800. Tamén se aprobou á contratación en réxime de alugueiro e mantemento de 22 aseos químicos situados en diversas áreas da cidade.

Obras en Novo Mesoiro, Eirís e Agra do Orzán

O Concello da Coruña rematou os traballos de mellora das hortas urbanas de Novo Mesoiro, Eirís e Agra do Orzán para ampliar o número de parcelas e atender as demandas das anteriores persoas adxudicatarias, ademais de engadir novos espazos comúns para uso e gozo dos novos usuarios e usuarias.

A concellaría de Medio Ambiente fará pública a listaxe de persoas adxudicatarias na súa páxina web. Está previsto que a en-



trega das chaves das instalacións sexa a próxima semana: mércores en Eirís, xoves na Agra e venres en Novo Mesoiro. En total, e despois da ampliación, haberá dis-

poñibles 118 hortas e 3 mesas na Agra, 81 hortas e 9 mesas en Eirís e 36 hortas e 3 mesas en Novo Mesoiro. Cubríronse todas as prazas na convocatoria.

LETRAS
GA
LE
GAS

#LetrasGalegas2022

17 de maio, dedicado
a Florencio Delgado
Gurriarán

XUNTA
DE GALICIA

Xacobeo 21-22

Festexemos a cultura que nos une.

Axudas directas da Deputación para afectados pola alza dos combustibles

A Deputación da Coruña é a primeira administración de Galicia que está pagando axudas directas de 3.000 euros a tres sectores estratéxicos da provincia especialmente afectados pola alza dos combustibles: o agrogandeiro, o pesqueiro e o do transporte de mercadorías por estrada.

Máis de 4.500 pequenas empresas e profesionais autónomos destes sectores solicitaron as axudas deste programa provincial, esgotando o crédito dispoñible de 5 millóns de euros en menos de un día. Este programa urxente súmase ás axudas para pemes, autónomos e emprendedores do Plan de Emprego Local (PEL-2022)

A maioría das solicitudes proveñen do sector do transporte de



mercadorías, cun 38,2 % do total, seguido do sector gandeiro (27,8%), o agrícola (18%) e o pesqueiro (6%). O 63,6 % das solicitudes foron presentados por profesionais autónomos, mentres que o 36,4% restante proveñen de pequenas empresas con actividade profesional nestes sectores.

O presidente da Deputación, Valentín González Formoso instou á Xunta de Galicia, que conta cun orzamento de 13.000 millóns de euros fronte aos 180 da Deputación, a activar de forma inmediata os programas de axudas comprometidos, que aínda non se publicaron no Diario Oficial de Galicia.

Clases gratuítas de español para refuxiados ucráinos

O Concello da Coruña, a través da Concellaría de Servizos Sociais e Benestar Social, pon en marcha un programa educativo de clases de español para persoas ucráinas de acollida. Trátanse de tres cursos de clases de español (dous para menores e outro para persoas adultas) que teñen como finalidade promover a integración social das persoas acollidas na cidade.

A iniciativa forma parte do paquete de medidas de apoio impulsado pola alcaldesa, Inés Rey, e que ten a Oficina Municipal de Apoio ao Pobo Ucraíno (OMAPU) - que hai un mes abriu as súas portas no número 68 do Matadoiro-, como centro de coordinación.

O Concello impulsa esta formación en competencias lingüísticas, con dous cursos de clases de español que se impartirán dende o 21 de abril ata o 31 de agosto.

O Concello colabora coa asociación AGA-Ucráina nas distintas tarefas de cooperación (traslado



de persoas refuxiadas, envío de materiais, etc.). Ademais o pasado mes (21 de marzo) púxose en marcha a OMAPU como centro de información tanto para persoas acollidas como para aquelas persoas ou entidades que queiran recibir información ou participar nos programas de axuda.

Ademais do impulso do programa de ensino de español, o Concello da Coruña creou unha bolsa para todas aquelas familias coruñesas que queiran acoller a persoas ucranianas chegadas á

cidade, que non dispoñen de lugar de hospedaxe.

O tempo de acollida é temporal e activarase en caso de necesidade, ata que a entidade Acem, responsable de tramitar o acceso ao Sistema de Acollida e Protección Internacional, confira unha praza definitiva á persoa en proceso de acollemento. A selección de familias foi realizada por un equipo técnico municipal, a través dun estudo e valoración previos da familia para certificar a súa capacidade e idoneidade.

PSdeG-PSOE pide á Xunta remodelar o modelo de Brigadas Municipais

A voceira de Forestal do Grupo Socialista, Carmen Rodríguez Dacosta, vén de pedir á Xunta que reformule o modelo de brigadas municipais en Galicia, tras intervención no Pleno do Parlamento, a través dunha pregunta oral ao conselleiro de Medio Rural na que urxiu que os convenios se reconduzan cara á prevención

de forma exclusiva.

Rodríguez Dacosta lembrou que o grupo de expertos de apoio á Comisión parlamentaria sobre política forestal propuxo "reformular o modelo". Sinalou que os convenios actuais "adoecen de deficiencias", xa que "dende o ano 2017 se detectou a falla de dispoñibilidade de xefes de brigadas".

A C10 máis solidaria



A Coruña acolleu a edición número 16 da carreira C10, considerada entre as mellores probas de 10 quilómetros de España. Esta edición de regreso trala pandemia estreou un percorrido que pasou polas dúas fachadas marítimas e atravesou os peiraos.

A gañadora na categoría feminina foi a keniata Selah Jepleting Busienei. Pola súa banda, o gañador da categoría absoluta masculina foi o etíope Melaku

Birhan Aregu.

Esta C10 amosou a súa solidariedade co pobo ucráino portando cores da súa bandeira nas camisetas oficiais da proba, coa lectura dun manifesto e a interpretación do seu himno ao final da proba. Tamén realizouse unha sesión de zumba solidaria no Parrote. Toda a recadación foi destinada á asociación AGA-Ucráina, que utilizará os fondos para mercar material sanitario de gran necesidade en Ucraína.

A Coruña no Connecting Nature Impact Summit Genk 2022

A Coruña participou no cumio Connecting Nature Impact Summit na cidade belga de Genk cun proxecto sobre a creación de redes de hortas urbanas.

Este encontro puxo fin ao

proxecto Connecting Nature, financiado pola Unión Europea mediante o fondo Horizon 2020 de innovación, que aglutina ata a trinta socios, nos que se inclúen cidades, universidades e empresas internacionais.

Deputación da Coruña inviste 1,2 millóns € en turismo

A Deputación da Coruña, a través da área de Turismo, subvenciona este ano con 1.258.849,58 euros trece programas para a mellora da calidade, competitividade e actividades turísticas, dentro do seu plan dirixido a entes de xestión, asociacións, mancomunidades e consorcios turísticos. Esta liña de axudas contempla, por primeira vez na convocatoria do 2022, o turismo de Congresos e os Convention Bureau.

O vicepresidente e deputado de Turismo, Xosé Regueira indica que "é unha liña moi ben dotada economicamente, que posibilita que os entes de xestión contén con persoal cualificado para abordar obxectivos concretos tan importantes como contar con secretaría técnica especializada, estruturar produto, e mellorar a calidade e competitividade en destino".

As entidades beneficiarias das axudas son a Asociación para a Xestión do Xeo-parque do Cabo Ortegal (88.000 €), Asociación Profesional de Empresarios do Camiño de Santiago a Fisterra-Muxía (18.449,58 €), Asociación de Concellos do Camiño de Fisterra e Muxía (112.000 €), Asociación para o Desenvolvemento Rural Mariñas-Betanzos (144.000 €), Asociación de Empresarios e de Promoción Turística de Camariñas (48.240 €), Asociación Rural

de Desenvolvemento da Ría de Muros-Noia (60.000 €), Costa da Morte Asociación Turística C.M.A.T. (74.160 €), Fundación A Coruña Convention & Visitors Bureau

(144.000 €), Mancomunidade de Municipios Comarca de Ordes (50.000 €), Mancomunidade da Ría de Arousa-Zona Norte (110.000 €), Mancomunidade de Concellos Comarca


de Ferrol (140.000 €), Consorcio de Turismo e Congresos da Coruña (150.000 €) e Información e Comunicación Local, S.A. de Santiago (120.000 €).

Exposición itinerante sobre o Pacto Verde Europeo

O centro EUROPE DIRECT A Coruña inaugurou o 6 de maio unha exposición itinerante sobre o Pacto Verde Europeo que fará paradas en cinco concellos da provincia durante os próximos meses, sendo estes Ames, O Burgo, Culleredo, Valdoviño e Pontedeume.

A mostra da a coñecer os obxectivos da Comisión Europea en materia ambiental para os vindeiros anos, sendo tamén unha das actividades previstas polo centro oficial de información europea da Deputación da Coruña para celebrar o 9 maio, Día de Europa.

Nos paneis da exposición hai tamén códigos QR e un entorno virtual en 3D con vídeos realizados por alumnado dos centros galegos, que permiten visualizar unha experiencia interactiva. Tamén está dispoñible o xogo Pacto Verde Europeo, un escape room online deseñado para poñer a proba os coñecementos sobre o coidado do medio ambiente do público de todas as idades.



A CULTURA QUE QUERES E MAIS

En Gadis, o compromiso coa nosa cultura forma parte de nós.
Colaboramos dende fai anos con festivais de música, cine, teatro, pintura...
Tamén coidamos da nosa literatura, apoiando ás nosas letras. A día de hoxe, xa son máis de 360.000 libros en galego os que levamos repartidos de forma gratuíta.

GADIS
#EnConfianza

Redacción LUGO

Chantada celebra a Feira do Viño en xuño

Chantada pasa para os días 3, 4 e 5 de xuño a súa Feira do Viño cando antes da pandemia celebrábase no mes de marzo sendo a primeira do calendario de feiras na Ribeira Sacra. A edición número 39 do certame terá formato tradicional, cos postos das adegas repartidos pola Praza de Galicia baixo unha carpa.

O Concello e os adegoiros acordaron retomar a celebración, logo de dous anos de suspensión, e decidiron que en 2022 a feira fora "excepcional". Manuel Diéguez Carballo "Penela", concelleiro de Cultura e tenente de alcalde indicou que os detalles do programa da Feira do Viño avanzou que haberá algúns matices respecto a outras edicións para adaptarse ás normas sanitarias que poidan estar vixentes nese momento. A



Feira no viño da edición XXIX.

intención será respectar ao máximo posible o formato orixinal, descartando así un cambio de modelo. "Non queremos correr o risco de estragar unha feira que está funcionando moi ben dende hai anos", subliñou Diéguez.

O artista local Lomarti é o autor do cartel da Feira do Viño 2022. "O frescor e o recendo do

viño cando o catamos, as cores da ribeira e os tipos de viño que fan as adegas de Chantada: men-cías, godellos, rosados... están representados na obra do noso veciño Lomarti nun cartel diferente a outros que ten feito para unha das nosas festas máis importantes. Moitas grazas, Lomarti", sinala a organización.

A banda de Chantada comezou a tempada de concertos

A banda de música de Chantada e o concelleiro de Cultura, Manuel Diéguez, presentaron na Casa da Cultura a programación para esta tempada 2022. Un total de sete concertos son o eixo central desta programación que leva por nome "Identidades". Con ela "queremos celebrar a nosa identidade musical e cultural, a nosa identidade como pobo, e a nosa identidade como banda de música popular con 157 anos de historia. Pasará polos nosos atrás moita música galega, música de ópera, música

para solistas... atreverémonos os músicos a dirixir, colaborarán connosco outras entidades como a Coral Polifónica de Chantada, e no Outono Musical volveremos ter do mellor da música de cámara da nosa comunidade," dixo o director, Carlos Timiraos, en rolda de prensa.

A primeira actuación foi o domingo 27 de abril na Praza do Cantón. Ademais de seleccionar pezas moi relacionadas co mundo do viño e da viticultura, Timiraos foille comentando ao público cada un dos temas, como se fose unha

cata de caldos guiada. Nos últimos días, a histórica formación deu a coñecer detalles da nova tempada, que xa conta con varios concertos programados. Música e viños, como se chamou o primeiro, supuxo a estrea. A música continuará en maio co certame Música de compositores galegos do século XXI e chegará a xullo con Colle ti a batuta. Agosto será tempo para as Noites a luz da lúa e o festival de bandas e en outubro virá o Outono Musical, antes de pechar a campaña en novembro cun concerto de solistas.

Os aturuxos de Papeiros e Rabudos



Bandas de gaitas do Concello do Saviñao.

Os días 21 e 22 de maio celébrase en Belesar a Festa do viño e da ceireixa. Coa celebración do concurso de aturuxos clausurábase esta edición da parroquia chantadina de Belesar. Esta tradición estaba moi arraigada na zona na que Rabudos (mote co que os chantadinos denominaban aos que vivían no Saviñao e Terra de Lemos) e Papeiros (denominación coa que eran coñecidos os vendimiadores de Chantada) comparaban a potencia e duración das súas voces a beiras do río.

Respecto a Papeiros e Rabudos, Anxo Moure sostén que "As terras de Chantada, Taboada, Car-

balledo lanzaban un "Ei rabudooooos!", recibindo en resposta "Ei papeiroooooos!", desde Pantón e O Saviñao como maneira de diálogo festivo que bebería, segundo contáronnos, nas raíces xudías da zona; de Rabino a Rabudo nas terras de Lemos, e de Papa a Papeiro nas de influenza católica. Aínda que, nós estamos convencidos de que Rabudos e Papeiros son trasgos voadores que levan en saquitos o fala dos humanos para pousala entre os viñedos e que lle contan contos aos acios para que cando bebemos un viño bebamos tamén unha historia; en Ribeira Sacra vendimamos tamén contos e lendas".

Andainas

A asociación Camino de Invierno por Ribeira Sacra continúa realizando as súas andainas polo Camino de Invierno. Percorreron diferentes tramos do Camino Xacobeo de Invierno polos Concellos O Saviñao e o Concello de Chantada

entre Diomondi e Penasillás coa compañía da concelleira de Turismo de Chantada, Pamela Fernández Aguila. Tamén visitaron a igrexa de Requeixo e a Monte do Faro - Capela do Faro coa guía Beatriz Pérez Pereira de Máis que Románico.



982 41 02 69 loteribeirasacra@gmail.com
Rúa Cardenal Rodrigo de Castro, 43
27400 Monforte de Lemos. Lugo

39 feira do viño DE CHANTADA 3-4-5 de xuño 2022



Concello de
CHANTADA
de Galicia



DEPUTACIÓN
DE LUGO



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL



Xacobeo 21-22
Galicia

Ribeira  Sacra

Redacción

O viño é para Chantada un importante motor de dinamización económica

A orixinalidade física e os parámetros climáticos, caracterizados por un microclima atlántico consistente na suavidade das temperaturas ao longo de todo o ano, ambiente contrastado e seco cunha forte insolación, propiciou o desenvolvemento dun particular aproveitamento agrícola:

A viticultura caracterízase polo cultivo da uva en bancales que consegue perfeccionar a personalidade da ribeira e influíndo nunha paisaxe humanizada modelada ao longo dos séculos, deu pié ás “muras” para asegurar a terra e aproveitar mellor o terreo. Debido ao sacrificado labor de produción e escasa mecanización, recibe o nome de “viticultura heroica”.

A vide introdúcese na comarca durante o período da conquista romana da Gallaecia primitiva.

Crese que naquela época os caldos da zona de Amandi viaxaban ata Roma onde eran apreciados, probablemente a variedade orixinal da vide foi introducida polos propios romanos.

Pero a gran expansión do viño realizado debido ás colonizacións monásticas medievais desde o século VI. As comunidades monásticas, principalmente benedictinas, tiñan a misión de repoboar as terras ermas para convertelas en fértiles e produtivas. Co paso do tempo estes cenobios alugarán as terras aos campesiños que atraídos polas posibilidades económicas deste cultivo, explota este recurso e sácalle toda a súa rendibilidade vendendo o viño como produto agrario de luxo en feiras e cidades conseguindo o seu maior apoxeo nos séculos XII e XIII.

Na actualidade, o viño con-

verteuse nun importante motor para a dinamización económica do concello. A súa produción, expandida por moitos lugares do mundo, fan dos viños da zona unha de principais esperanzas para a Chantada dos nosos días non só en temas financeiros, senón; tamén como escaparate turístico do noso concello.

A denominación de orixe Ribeira Sacra, foi aprobada o 30 de maio do ano 1995 mediante orde da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes da Xunta de Galicia. O Consello Regulador divide a Ribeira Sacra en cinco subzonas: Amandi, Ribeiras do Miño, Quiroga- Bibei, Chantada e Ribeiras do Sil. A de Chantada aglutina no seu a un total de dez parroquias: Pedrafita, Pesqueiras, San Fiz, Belesar, San Pedro, Camporramiro, Santiago dá Riba, A Sariña, Nogueira e Sabadelle.



A subzona Chantada consta de 24 adegas e abrangue 64 hectáreas.

A variedade Mencía é a máis cultivada como monovarietal. Falamos de viños do ano de cor guinda, con xusta acidez e aroma afrutado. As cepas cultivadas para os viños brancos son as variedades Godello, Albariño, Loureira, Treixadura, Doa Branca e Torrontés. Os tintos son de uvas Mencía, Brancellao e Merenzao. O Consello Regulador ten autorizadas outras cepas, pero estas son as preferentes. En canto aos tipos de viño producidos baixo esta denominación de orixe pódense destacar os seguintes: Ribeira Sacra

Godello (elaborado con uva 100% Godello e cun mínimo de once graos). Ribeira Sacra Albariño (feito con uva 100% Albariño e cuxa gradación mínima ascende aos once graos). Ribeira Sacra Mencía (cun 100 % de uva Mencía e con gradación mínima de 11 graos), e, por último, os Viños Ribeira Sacra (elaborados con uvas procedentes das variedades brancas para os viños brancos, e uvas procedentes das variedades tintas para os tintos; posúen unha gradación non inferior aos dez graos).

Corpo Santo na parroquia de Santa Cruz de Viana

Unha pomba, di a lenda, está na orixe da devoción ao Corpo Santo de Viana, que se festejou o 25 de abril. Segundo conta a tradición, mentras peregrinaba a Compostela xunto a Frei Pedro das Mariñas, acompañando a Frei Pedro González Telmo (san Telmo), Frei Miguel González morreu na contorna do Monte do



Igrexa de Santa Cruz de Viana.

Faro. Antes de morrer pediu aos seus acompañantes que o seu corpo fora soterrado na primeira igrexa cuxas campás soasen sen axuda humana. E na igrexa de Santa Cruz de Viana a campá levaba tres días soando soa... porque tiña unha pomba pousada nela. Así souberon os relixiosos que aquel era o lugar destinado para o descanso eterno de Frei Miguel. A lenda conta que, dende o seu enterro na igrexa de Santa Cruz, comezaron a producirse numerosos milagres e os veciños,

moi agradecidos, decidiron construír unha capela mausoleo onde venerarían a súa imaxe. A talla actual data de 1853, doazón do bispo de Lugo Frei Santiago Rodríguez Gil.

Tantos séculos despois, a devoción ao Corpo Santo mantense. Este ano os fieis subiron o Corpo Santo dende Santa Cruz de Viana á igrexa de Santa Uxía de Asma onde, baixo o arco floral, produciuse o tradicional encontro entre o Corpo Santo e a Santa da parroquia.

Banco do Peregrino

Chantada inaugurou o Banco Peregrino, un banco interactivo caracterizado cunha gran frecha amarela que indica a dirección do Camiño. Atópase na emblemática alameda, ao carón do río Asma, un lugar ideal para facer unha pausa antes de achegarse ao casco antigo.

O banco conta dun código QR con información de interese da vila. Tamén lembra que a tan só 103



quilómetros está a catedral compostelá.

Trail Heroica Sacra por Chantada e O Saviñao

O domingo, 26 de xuño, celebrábase en Chantada o I Trail Heroica Sacra con distintas modalidades: Trail Individual, Trail Relevo, Trail Cadete e Andaina. O percorrido desta proba transcorrerá polos Concello de Chantada e o do Saviñao pasando por distintos ríos, viñedos, tramos do Camino Xacobeo de Invierno e tamén da PR-G 162 Ruta da Ribeira Sacra do Miño.

Na ponte de Belesar presentouse esta

celebración deportiva coa asistencia dos organizadores: Belén Vázquez Caseiro, Miguel Carbonell Valín e Adrián Ledo Vázquez do GTR-Galaico Trail Run. Tamén estiveron os colaboradores da proba: Serafín Grande; Juan Carlos Armesto, alcalde do Saviñao e Jorge Rodríguez, concelleiro de Deportes; xunto con Manuel Lorenzo Varela, alcalde de Chantada e o concelleiro de Deportes, Diego Otero Veiga.

O PSdeG de Ourense reúne-se co Presidente da Cámara de Melgaço

O PSdeG-PSOE de Ourense vén de manter un encontro en Portugal co presidente da Cámara Municipal de Melgaço, Manoel Batista Calçada Pombal para falar sobre a extensión da AG-31 dende Celanova ata a fronteira portuguesa e coñecer a visión do país veciño sobre a conexión lusa ata a fronteira española, a través da Madalena. Os socialistas destacan a “produtividade” e “positividade” deste primeiro encontro e anuncian que en próximas datas seguirán a manter reunións para loitar por unha infraestrutura “clave” para o futuro da provincia de Ourense.

Ata Melgaço desprazáronse o secretario provincial do PSdeG-PSOE de Ourense, Rafael Rodríguez Villarino; o alcalde de Entrimo,

Ramón Alonso; e o presidente da asociación de empresarios de Bande, José Antonio Dorado. Os socialistas sinalan que as impresións “non podían ser máis positivas” e apuntan que os representantes institucionais portugueses “tamén concordan na necesidade dunha conexión que potenciaría o movemento tanto a nivel empresarial como de turistas entre os dous territorios”.

Dende o PSOE ourensán volven a recalcar a “importancia” de mellorar a conexión entre países a través da Madalena e afirman que “temos que aproveitar os Fondos Next Generation para impulsar que a AG-31 non remate en Celanova, senón na fronteira lusa”. Neste senso, os socialistas lembran que veñen de presentar iniciativas no Parlamento de Galicia para

que se prosiga coa construción da AG-31, un proxecto que consideran de “vital importancia para o desenvolvemento económico, social e demográfico das comarcas de Celanova e a Baixa Limia, pero tamén da provincia de Ourense”.

O voceiro provincial do PSdeG-PSOE de Ourense, Rafael Rodríguez Villarino, sinalou que o motivo do encontro “era establecer contacto co presidente da Cámara Municipal de Melgaço e comprobar que efectivamente coincidimos na necesidade de conectar ambos lados da fronteira cunha vía de alta capacidade”. O líder dos socialistas ourensáns amosouse “satisfeito” desta primeira toma de contacto.

Rodríguez Villarino afirmou que “tomando as palabras da conselleira de Infraestruturas e Mobilidade, Ethel Vázquez, os e as socialistas



estamos dispostos a pór todo o que sexa necesario para que o goberno autonómico cumpra co obxectivo de realizar esta conexión, xa que cabe lembrar que o titular desta autoestrada”. O secretario provincial do PSdeG-PSOE tamén sinalou que “comprometémonos a falar co Estado para que colabore na medida do posible en facer realidade esta obra”.

Pola súa banda, o presidente da asociación de empresarios de

Bande, José Antonio Dorado, afirmou que “estamos aportando o noso gran de area para este proxecto, que eu sinalaría como o máis importante para a provincia de Ourense nestes momentos”. Dorado, concelleiro do PSdeG-PSOE en Bande, tamén afirmou que “estamos moi interesados en que as comarcas da Baixa Limia e Celanova e a propia provincia non perdan este último tren que lles queda”.

Obradoiro de Emprego Ecoterras de Celanova

Obradoiro de Emprego Ecoterras de Celanova no que a Consellería de Emprego e Igualdade inviste 346.946 euros, está a formar a 20 alumnos - traballadores no módulo de instalación e mantemento de xardíns e zonas verdes.

Os participantes están a desenvolver as súas tarefas de mantemento de zonas verdes nas contornas do Campo da Feira (Xardíns, Parque infantil e Canastros), piscina municipal en Merouzo Grande, Canal do Ruca, escola infantil en A Manchica e beirarrúas en A Merca e A Manchica.

No concello de Cartelle: no parque infantil de A Ulfe, no parque infantil de Santa Baia, na piscina en Outomuro (zona xardín), no parque Padre Feijóo en Outomuro, no xardín casa do concello en Outomuro, no campo da Feira en Cartelle, no parque infantil na Seara, na área recreativa do Bagullo e na área recreativa en Prado.

Tamén están a traballar no mantemento da contorna da Casa do Concello e na contorna do Local Social de Poulo do concello de Gomesende. As actuacións que están a levar a cabo no concello de Pontedeva son as seguintes: a contorna da capela e



En Celanova está a actuar no mantemento no Parque do Rubí e nas piscinas municipais.

praza do canastro en Xinzo; a Praza Outeiriños, entorno da igrexa, entorno ludoteca, entorno Regueiro e entorno do canastro Aldea en Deva; a capela e Ponte entrada do pobo en Freás; a contorna da fonte e entorno da ponte, na Abelleira ea entrada pobo Areal, praza casa do pobo, entrada parada polígono, entrada Condado-Polígono en Trado.

No concello de Quintela de Leirado están acondicionando os xardíns fronte á Casa do Concello e o Centro de Saúde, o xardín da Vivenda Comunitaria de Xacebáns, o xardín das Piscinas Municipais, a área recreativa do Santo Cristo, a contorna da fonte de Leirado e a área recreativa de Camporreal.

No concello de Ramirás: as áreas recreativas de San Paio

dos Pitos, San Xoán, San Adrián, O Abeledo, Pontenova, Ponte da Barca; os parques de Pambre, San Andrés, Arredores do Velorio Municipal de Vilaflor e o aparcadoiro de Vilariño; as fontes de Freás de Eiras, Escudeiros, Tellado, Corredoira, Ver, Santomé, Almariz e Paizás; o campo da fonte do Picouto e Eira das Portas Abertas; a Praza da igrexa de Penosiños; o xardín do Concello e o de San Andrés.

No concello de Vereá desenvolven as súas tarefas na piscina Municipal; na área Recreativa da Capela da Ascensión; na área Recreativa Casal de Vispo; no parque Biosaudable O Carballo, e nas zonas verdes situadas no entorno das capelas de Bangueses de Abaixo, Casares e Portela.

Vilar de Santos quiere ampliar o Centro de Día



A reunión celebrouse en Santiago.

O xerente do Consorcio Galego de Igualdade e Benestar, Perfecto Rodríguez recibiu a Antonio Miguez, alcalde de Vilar de Santos. O alcalde trasladoulle ao xerente do Consorcio a necesidade de apoio e colaboración no proxecto de ampliación do centro de día-vivenda comunitaria, xestionado tamén polo Consorcio de Igualdade e Benestar e posto en marcha polo Concello xa no ano 2008 co obxectivo prioritario de atención ás persoas maiores no seu entorno.

Trátase dun Centro polivalente que combina nun mesmo edificio as posibilidades dun centro de día cunha zona residencial de vivenda comunitaria con espazos comúns complementarios e servizos integrados e actividades

cunha atención especializada e de calidade.

Agora desde o Concello “pretendemos ampliar o Proxecto do Centro con novos recursos para poder dar unha atención integral e poder transformalo nun Fogar Residencial con 14 prazas que cubra todas as necesidades dos veciños e veciñas” dixo o alcalde.

Antonio Miguez fixo unha valoración positiva da entrevista mantida, xa que “lle puidemos trasladar directamente ao xerente do Consorcio as necesidades e proxectos dun concello que ten optado polo aproveitamento e posta en valor dos recursos para dotarse de infraestruturas e servizos públicos de calidade e crear as condicións para garantir e seguir avanzando na calidade de vida e o benestar dos veciños e veciñas”.

Allariz súmase a “Reciclos”, sistema de reciclaxe de Ecoembes con recompensa

A vila de Allariz conta xa cunha máquina que recompensa por reciclar. A entrada da recepción da Piscina Municipal, no Campo de Vilanova, é a localización escollida para a máquina Reciclos, o Sistema de Devolución e Recompensa (SDR) de Ecoembes, que premian o compromiso coa reciclaxe.

Así, calquera persoa de Allariz poderá seguir reciclando fóra dos seus fogares as latas e botellas de plástico de bebidas que consuman, facilitando a circularidade destes residuos, é dicir, que volvan converterse en novos envases ou produtos tras a súa reciclaxe. Ao facer uso destas máquinas, os usuarios recibirán puntos cos que poden axudar a mellorar a súa contorna a través de incentivos sostíbeis ou sociais.

Ademais, “Reciclos” quere contribuír a fomentar un con-



Máquina instalada da entrada ás piscinas de Allariz.

sumo responsable e racional deste tipo de envases. Por este motivo, establece un límite semanal ás latas e botellas de plástico de bebidas polos que os cidadáns obteñen puntos ao

reciclar.

O concelleiro de Medio Ambiente, Bernardo Varela, resaltou a importancia de seguir apostando por un modelo sustentable de reciclaxe. Allariz continúa traballando nas políticas de recuperación, rexeneración e recuperación na que tanto empeño ten posto, e anima a toda veciñanza a continuar na liña de separación de residuos e compostaxe que tan bos resultados ten dado nos últimos anos.

Para facer uso das máquinas de “Reciclos”, a veciñanza de Allariz só teñen que rexistrarse na webapp (app. reciclos.com), depositar todas as súas latas e botellas de plástico de bebidas na máquina de “Reciclos” e escanear o QR que mostrará a máquina. Ao facelo, obterán puntos, denominados “Reciclos”, que poderán cambiar polas distintas recompensas dispoñíbeis.

Espazo Ben Común renova colaboración co Concello de Allariz

O Concello de Allariz e Espazo BenComún renovan colaboración coa finalidade de proporcionar un servizo a persoas traballadoras independentes, autónomas e/ou micro-empresas que requiran dun espazo para desenvolver a súa actividade empresarial – un posto de traballo nun espazo de traballo compartido – en diferentes formatos, segundo a dispoñibilidade do espazo BenComún Coworking.

Así o comunicaban María López edil de promoción económica e Carlos Airas xerente do espazo. A través desta convocatoria régúlase o Programa de axudas do Concello de Allariz para o uso dun posto de traballo no espazo de traballo compartido BenComún Coworking, co obxecto de favorecer o nacemento, arranque e consolidación de novas empresas, a xeración e emprego e auto-



María López e Carlos Airas.

emprego, e a dinamización económica do concello.

Serán beneficiarias finais do servizo subvencionado as persoas que sexan traballadoras independentes, autónomas ou micro-empresas, é dicir, calquera que sexa a súa forma xurídica-societaria.

O programa de axudas para uso dun espazo de traballo compartido conta cun importe global máximo de 3120€ por parte do

Concello de Allariz para a anualidade 2022. O Concello aportará así un 40% da mensualidade que sumada á axuda de Espazo Bencomún 50% fará que o usuario poda acadar o 90% do custe do servizo de coworking durante o período dun ano.

O servizo de coworking conta con diferentes modalidades e as persoas usuarias poderán facer uso dos diferentes servizos dos que dispoñen na actualidade.

Volve a Festa do Boi de Allariz



A Festa do Boi 2022 volverá a Allariz do 11 ao 19 de xuño. Integrantes da Asociación Cultural Xan de Arzúa, encargados da organización da Festa, acompañados pola alcaldesa, Cristina Cid, o tenente de alcalde, Bernardo Varela e o concelleiro de Cultura, Alberto Conde, presentaron as datas e a imaxe da festa. Tamén os acompañou o ilustrador Miguel Robledo, quen deseñou a imaxe para este 2022.

Durante nove días desenvol-

veranse actividades musicais, teatrais, encontros populares así como saídas do boi que farán que a veciñanza de Allariz, e as persoas que se acheguen a mesma, podan gozar de novo da Festa do Boi. Esta festa conta cun orzamento, sufragado pola achega voluntaria dos veciños e veciñas, comerciantes e hostaleiros de Allariz aos que porta por porta se lles pide contribución todos os anos. O carácter popular da mesma fai que a Festa do Boi sexa do pobo para o pobo.

Gastrolimia celebrouse en Lobios



Celebración no balneario de Lobios.

Ana Méndez, xerente de Galicia Calidade, salientou en Gastrolimia a contribución da marca de garantía á promoción exterior dos produtos galegos durante os preto de 30 anos de traxectoria do selo autonómico.

Durante a súa participación neste encontro transfronteirizo para visibilizar as tradicións culturais e gastronómicas arredor do río Limia, Ana Méndez destacou que nestes anos se conseguiu que os produtos galegos sexan percibidos no exterior como garantía de calidade.

A xerente do organismo dependente da Vicepresidencia segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación recordou

que Galicia Calidade se constituíu no ano 1995 e agora xa conta con máis de 150 empresas certificadas e con máis de 600 produtos amparados co selo de garantía.

Gastrolimia, que se celebrou no hotel balneario Lobios Caldaria (Lobios, Ourense), pretende reunir e fomentar o encontro transfronteirizo gastronómico, a relación persoal entre profesionais do sector agroalimentario e da hostalería, así como a actores con capacidade de decisión nas políticas de turismo rural da zona e a outros profesionais de referencia relacionados coa proxección de territorio, o márketing e a publicidade na Internet.

Infraestruturas mellorará a estrada OU-540 na Baixa Limia e Celanova

A conselleira de Infraestruturas e Mobilidade, Ethel Vázquez, salienta a aposta da Xunta pola vertebración do interior de Galicia con actuacións como a mellora da estrada OU-540, nas comarcas da Baixa Limia e de Celanova, cun investimento autonómico de 10,3 millóns de euros. Vázquez Mourelle contrapuxo, no Parlamento galego, o traballo da Xunta a prol do rural coas iniciativas que impulsa o Goberno de España, que inciden na exclusión de investimentos.

A actuación que impulsará o Goberno galego na estrada OU-540 incrementará a capacidade da estrada, reforzará a seguridade viaria e aumentará a competitividade desta contorna, beneficiando aos veciños de Celanova, Verea, Bande, Lobeira, Muíños, Entrimo e Lobios. Para iso, dotarase a estrada de 13 quilómetros de carrís adicionais de adiantamento, re-



Intervención da conselleira do Parlamento galego.

deseñaranse as interseccións e melloraranse as condicións do firme.

Esta estrada rexistra unha intensidade de tráfico que vai desde os 2.600 vehículos ao día entre Celanova e Bande aos menos de 700 nos treitos máis próximos á fronteira con Portugal, sinalou a conselleira. Engadiu que máis de 13.000 veciños viven nos municipios polos que discorre a vía.

Reiterou que o Goberno ga-

lego está a traballar, como proxectos independentes e complementarios, nas Variantes de Verea e de Bande. Ademais puntualizou que a mellora da OU-540 é compatible co posible desenvolvemento futuro da prolongación da autovía AG-31. Preciso que a prolongación da autovía só ten sentido no marco dun acordo internacional entre España e Portugal, no que ambos países aposten por esta conexión transfronteiriza.

Ciclo de concertos didácticos de órgano en Celanova

Os alumnos do Colexio La Salle de Santiago de Compostela asistiron a un dos concertos do ciclo de concertos didácticos de órgano organizados na igrexa de San Salvador de Celanova co apoio da Xunta de Galicia. Trátase dunha iniciativa do Concello de Celanova que conta co impulso do Goberno autonómico para divulgar a cultura musical entre os máis novos, polo que se oferta a todos os centros educativos galegos. “Axudamos así a difundir o patrimonio histórico a través de programacións culturais de calidade en diferentes puntos do territorio”, indicou Anxo M. Lorenzo secretario xeral de Cultura na presentación.

O ciclo, que comezou no mes de marzo, estenderase ata xuño con arredor de 30 concertos coa participación de arredor de 1.300 alumnos de toda Galicia. Ademais



Anxo M. Lorenzo secretario xeral de Cultura na presentación.

do Colexio La Salle de Santiago de Compostela, durante estes meses participarán estudantes dos colexios CPI Sagrado Corazón de Vilanova, CPI A Cañiza, CEIP Padre Feijóo (Allariz) ou Colexio Sagrado Corazón (O Carballiño).

Tamén se contará coa asistencia de alumnos dos institutos IES de Teis e IES O Castro, ambos en Vigo, o IES Monte Carrasco

(Cangas), IES Andalecio Pérez Tizón (Tui), IES Xermán Ancochea (Pobra de Trives), IES Ribeira do Louro (O Porriño), IES 1 de Marzo (Baiona), IES Lagoa de Antela (Xinzo de Limia), IES Martagisela (O Barco de Valdeorras), IES Val Miñor (Nigrán), IES de Ames, IES Aquis Querquennis (Bande).

A actividade está dirixida ao alumnado dos últimos cursos de Primaria, de Secundaria ou de Bacharelato e inclúe unha clase-concerto, dirixida pola organista Marisol Mendive. Complétase cunha visita guiada á igrexa de San Salvador de Celanova. Cada sesión inclúe unha explicación do instrumento axeitada aos contidos pedagóxicos da etapa escolar á que se dirixe, pero a clase é eminentemente práctica e permítelles aos alumnos interpretalas conxuntamente co órgano dentro do concerto didáctico.

Premio “Celanova, casa dos poetas” á cantante Luz Casal



Reunión do padroado.

O padroado da Fundación Curros Enríquez acordou conceder o XXXVIII Premio “Celanova, Casa dos Poetas”, á cantante coruñesa Luz Casal. Un galardón que non só reconece a súa traxectoria musical, dixo o deputado provincial Pablo Pérez, “senón tamén a vontade de levar a Galicia e a súa cultura alá por onde fose, destacando ademais a súa faciana social”, referíndose así ao Festival da Luz fundado pola propia artista e que se celebra todos os anos en Boimorto (A Coruña), onde naceu en 1958, co fin de recadar fondos na loita contra o cancro.

Pablo Pérez congratulouse da concesión deste premio, subliñando ademais a participación da Deputación na fundación, “que goza dunha boa saúde como o demostran as case 6.000 persoas que o pasado ano visitaron a casa familiar do escritor”. Neste sentido subliñou que na semana que comeza rexistrárase a visita número 30.000, que se corres-

ponderá cun dos alumnos dos moitos colexios de toda Galicia que teñen acudido á casa museo de Curros Enríquez.

A reunión incluíu a presentación da memoria de actividades correspondente ao pasado ano, a aprobación dos orzamentos para o presente exercicio que ascenden a 74.000 euros, así como do programa de actividades para 2022 que manteñen os roteiros, programas escolares e o inclúe o proxecto Celanoveses polo mundo para destacar a persoeiros nados na vila celanovesa.

O padroado da Fundación Curros Enríquez está presidido polo Concello de Celanova e forman parte do mesmo a Deputación de Ourense, a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, A Real Academia Galega, o Consello da Cultura Galega, as universidades de Vigo, Santiago de Compostela e A Coruña, ademais dunha vintena de persoas a título particular procedentes dos máis diversos ámbitos.

Humor

ANTOMS

Non hai alternativa



Novo tren turístico pola ribeira de Amandi

A empresa "Restaurante aCantina" de Doade-Amandi, ven de comprar un novo tren turístico con capacidade para 56 persoas. Logo de 13 anos co antigo tren turístico decidiu comprar un novo para dar servizo a cada vez maior cantidade de clientes e tamén seguridade con un equipo totalmente novo necesario para percorrer as escarpadas ladeiras da ribeira de Amandi por donde circula.

Este tren, construído en Lérida pola empresa Ilertren caracterízase porque é tirado por un tractor convertido exteriormente en forma das máquinas de ferrocarril de vapor. Un tractor con 115 CV de potencia capaz de ascender e descender polas abas sin ningún tipo de problema.

Un tren adaptado as características técnicas máis avanzadas e con dous vagóns con oito portas cada un coa finalidade de que os viaxeiros suban de forma independente.

As viaxes regulares son as 11,30 e 16,30 todos os días do verán, fora de ese tempo as viaxes son só os xoves, venres, sábados e domingos.

Tamén haberá viaxes combiandos con catamarán polo río Sil. A empresa "Res-



O tren facendo a súa ruta turística.

taurante aCantina" xunto con Adegas Cruceiro, de Vilachá-Doade, adquiriron accións na empresa "Catamarán Ribeira Sacra" pioneira en viaxes polo Canón do Sil baixo a denominación comercial Viaxes Pardo. Estas viaxes en catamarán ofrecerán degustacións a bordo guiados por un dos mellores guías da Ribeira Sacra. A eficacia, a flexibilidade e atención personalizada da man deste empresa privada farán posible un dos viaxes polo Canón máis singular na zona.

Catamarán Ribeira Sacra polo río Sil desde Paradela



Viaxe inaugural realizado o día primeiro de abril.

O "Catamarán Ribeira Sacra" que opera no Canón do Sil desde o embarcadero de Paradela (Castro Caldelas) iniciou a nova tempada 2022. O catamarán pioneiro en viaxes polo Canón que opera baixo o nome comercial de Viaxes Pardo con capacidade para 70 pasaxeiros, comezou a súa nova tempada cunha viaxe inaugural ao que asistiron a alcaldesa de Castro Caldelas e os alcaldes da Teixeira, Parada de Sil e Sober degustando no traxecto viños de Adegas Cruceiro con viandas da zona.

"Catamarán Ribeira Sacra", participada por dúas empresas de Doade e Viaxes Pardo, ofrecerá paseos regulares pola mañá e tarde así como viaxes discretos flexibles adaptándose ás demandas. Ao fronte estará un capitán e o guía máis coñecido na zona da Ribeira Sacra: o alquimista da comunicación da empresa Druídaros. Todo un espectáculo singular adaptado xa que, á parte de sucar o maseitoso Canón do Sil, os visitantes penetraranse na historia e coñecemento desta zona da Ribeira Sacra.



DON ÁLVARO
Desde 1967

Don Alvaro Ribeiro
o viño verdadeiro

Avda. de Santiago 120.
Ourense.



O Capricho

Servizo a domicilio

CASCO HISTÓRICO OURENSE

Rúa Lepanto, 17 - baixo - OURENSE

Tfno. 988 981 601

Bar FUENTEFRÍA

Afumados
Carnes
Clásicos
Queixos
Ensaladas

Rúa Viriato, 6
OURENSE





Vísita O TRASNO



Rúa Lepanto, 10 . Ourense

O colexio público do Pereiro xa ten patio cuberto

A obra, que superou os 300 mil euros de inversión, supón cumprir cunha vella demanda da comunidade educativa e do Concello. En vindeiras datas acometerase a remodelación integral da pista que se ven de cubrir para conquistar unha auténtica pista polideportiva cuberta que ampliará a oferta de instalacións deportivas ao lado do pavillón municipal. Ao longo dos últimos tres anos Xunta e Concello “investimos no colexio e no seu entorno máis de 500 mil euros mellorando a calidade dos servizos que se prestan a comunidade escolar así como aumentamos a seguridade viaria”, sostén o alcalde, Luís Menor Pérez.

As obras do patio cuberto do colexio público Ben Cho Shey xa están en servizo, logo do seu remate en días pasados, e para disfrute da ampla comunidade educativa do centro que conta con preto de 250 alumnos.

“Por fin puido ser atendida unha vella reivindicación da comunidade educativa e do Concello para dotar deste servizo, moi necesario, para preservar aos nosos



Patio cuberto do colexio público Ben-Cho-Shey.

nen@s das inclemencias meteorolóxicas,” dí o rexidor. A cuberta é xa unha magnífica realidade en servizo co claro obxectivo de mellorar moito as condicións de uso do mesmo.

O patio cuberto, e a inminente pista polideportiva, son as últimas das moitas melloras que veñen de acometerse no colexio -ampliación da cociña e renovación de fiestras para mellorar a eficiencia enerxética- e no seu entorno -melloras nos viais e acondicionamento do bosque Ben -Cho Shey - que amplía moito as opcións de ocio e lecer dos nosos nen@s.

O alcalde agradece á Xunta “a sensibilidade para atender as demandas plantexadas dende o Concello para un colexio que é dos máis importantes no noso rural. Acreditar tamén o total compromiso en seguir traballando para conseguir máis melloras que fagan aínda máis grande o mesmo. Agradecemos tamén a comunidade educativa pola paciencia que tivo durante a execución das obras e desexarlles que disfruten moito deste magnífico equipamento do que agora dispoñen e que seguiremos a mellorar canto poidamos”, asegura o alcalde.

O Pereiro de Aguiar, cidade saudable

O Concello de O Pereiro de Aguiar, ven de adherirse á Rede Española de Cidades Saudables, da Federación Española de Municipios e Provincias (Femp) a través da cal se persigue a promoción e protección da saúde e o benestar dos cidadáns, en concordancia cos principios de actuación correspondentes ao proxecto “Healthy Cities” da Organización Mundial da Saúde.

O Concello agradece á Femp este recoñecemento, xa que “nos permite seguir avanzando na implementación da Estratexia de Promoción da Saúde e Prevención no SNS. Entedemos que a saúde non é soamente ausencia de enfermidade ou unha intervención espe-



Ruta dos muíños polo río Loña.

cífica do sistema sanitario, senón

de melloras nas condicións de vida que se relacionan co benestar social, a educación ou a participación efectiva da poboación”, sostén o alcalde Luis Menor.

Con esta adhesión, “ademais do apoio técnico, recibiremos apoio económico para proxectos e actividades de promoción da saúde, dende o ámbito deportivo, educativo, no envellecemento activo, na dinamización das rutas de sendeirismo, explotando así o máximo os recursos existentes”, asegura o rexidor.

“O esencial é promover que as persoas exerzan un maior control da súa propia vida tomando decisións saudables”, conclúe Menor Pérez.

O autobús “Coidados porta a porta” iniciou o seu periplo no Pereiro de Aguiar



A campaña galega foi presentada no Pereiro de Aguiar.

Alberto Núñez Feijóo, presidente da Xunta, resaltou a posta en marcha do autobús de Coidados porta a porta que percorrerá todos os concellos de Galicia -agás as sete cidades- para levar servizos especializados de audioloxía, podoloxía e estimulación da memoria á porta da casa de máis de 100.000 galegos.

“A partir de hoxe, oito autobuses comezarán a percorrer a xeografía galega e permanecerán entre tres e catro días en cada concello, de xeito que, en lugar de desprazarse o veciño ata o servizo, será o servizo quen se achegue”, aseverou, ao tempo que precisou que deste servizo poderán beneficiarse todas as persoas maiores de 55 anos, con cita previa e de xeito totalmente gratuíto.

Logo de destacar que esta iniciativa contará cunha achega entre 2022 e 2023 de preto de 10 millóns de euros, Feijóo quixo agradecer durante o acto de presentación a colaboración de todos os concellos así como de Afalu, a entidade social que xestionará este servizo, xunto cunha compañía de unidades móbiles.

Ao longo da súa intervención, o titular da Xunta aseverou que a Administración autonómica seguirá traballando para avanzar cara á igualdade entre todos os

cidadáns, vivan onde vivan, reducindo ao mínimo as diferenzas de accesibilidade aos servizos públicos en toda a xeografía galega.

“O rural crece a través de medidas que melloren a vida dos veciños”, dixo, incidindo en que apostar polo rural é a mellor política demográfica e a base dunha economía sustentable.

Nesta liña, reiterou o compromiso cun rural no que a xente poida vivir e do que a xente poida vivir, recordando, por exemplo: a aposta pola profesionalización dos produtores e pola industria agroalimentaria; a racionalización da estrutura agraria; e o aproveitamento sustentable do monte, a través dun plan forestal.

Así mesmo, referiuse ao programa Impostos cero no rural, que bonifica a fiscalidade da compravenda e agrupación de fincas ou a adquisición dunha vivenda para a mocidade, as familias numerosas e as persoas con discapacidade. Ademais da posta en marcha das casas niño e das casas do maior, en concellos que non tiñan escola infantil ou centro de día; e do reforzo da atención a domicilio das persoas dependentes, cun Servizo de Axuda no Fogar que, cun investimento anual de máis de 100 millóns de euros, beneficia a máis de 24.000 galegos.

A Feira do Viño, un reclamo turístico para o Val de Quiroga

José González, conselleiro de Medio Rural inaugurou a XL Feira do Viño de Quiroga. Foi a segunda cita do ano coas elaboracións da denominación de orixe Ribeira Sacra, tras a celebración da Feira do Viño de Amandi, en Sober. O conselleiro puxo estes viños con selo de calidade, así como os eventos que os poñen en valor, como exemplos do camiño que debe seguir o noso sector primario para servir de panca que contribúa a recuperar e dinamizar o noso rural.

José González referiuse á Estratexia de dinamización económica, territorial e turística das

comarcas vitivinícolas de Galicia promovida pola Xunta xunto coa Fundación Juana de Vega para potenciar tanto a imaxe de marca e identidade dos viños galegos como o turismo vinculado aos territorios onde se producen. Froito da intensa colaboración e do traballo de todo o sector -dixesta folla de ruta xa en marcha axudará a definir os pasos a dar a medio e longo prazo tanto polas adegas como polos viticultores.

O titular de Medio Rural aludiu á Lei de recuperación da terra agraria, pensada -tal e como destacou- para zonas como a Ribeira Sacra, que contan con terreos de

calidades agronómicas únicas pero cun elevado grao de abandono. A norma -aseverou- está a servir para apostar por actividade agrogandeira e forestal con valor engadido que permita poñer en valor o noso rural. Actividade como a das denominacións de orixe vitivinícolas mediante polígonos agrarios para o cultivo de viñedo, neste caso.

Nava Castro, directora de Turismo de Galicia, puxo en valor a calidade do viño da Ribeira Sacra e o valor dos produtores amparados baixo esta D.O, así como o potencial que ten o enoturismo como ferramenta de dinamización so-



Alcalde e conselleiro no brinde inaugural.

cioeconómica e de impulso dun turismo de calidade e sustentable para este territorio. Fixo fincapé na importancia do sector vitivinícola na nosa cultura e describiuno como un dos eixes da sociedade e a cultura de Galicia. Incidiu a necesidade deste tipo de iniciativas en aras a facer visible as riquezas da nosa terra na búsqueda de atraer un maior número de turistas

e incentivar así o turismo naquelas zonas onde o despoboamento afecta de maior maneira.

Tamén asistiron á Feira o director da Axencia Galega da Calidade Alimentaria, José Luis Cabarcos, e delegado territorial de la Xunta en Lugo, Javier Arias. Todos foron recibidos polo alcalde, Julio Álvarez Núñez, e polos membros da corporación municipal de Quiroga.

As filloas, premiadas no concurso de tapas de Quiroga

O Mesón Escaleira foi o gañador do concurso Quiroga de Tapas, que se celebrou entre o 6 e o 15 de abril. A tapa coa que triunfou o Mesón Escaleira chámase "Filloas recheas con sabores da terriña" e foi a preferida por 41 dos clientes que participaron na votación. O Mesón Ferreiroño tivo 37 votos.

No recuento de votos participaron o alcalde, Julio Álvarez, o concelleiro de Xuventude, Luís Manuel Arias, e a delegada na zona sur da Asociación Provincial de Empresarios de Hostalería e Turismo de Lugo (APEHL), Beatriz Vila. Tras o sorteo, o concelleiro de Xuventude e a representante da asociación provincial de hostaleiros acudiron ao Mesón Escaleira para entregarlle unha



Reconto dos 223 votos emitidos para os 9 establecementos.

placa conmemorativa aos seus propietarios

Durante os dez días que durou o concurso, 223 persoas depositaron as tarxetas cubertas cos seus nomes e cos seus votos. No concurso participaron este ano nove establecementos de hostalería de Quiroga. Ademais dos citados, o bar Matrioshka,

a Adegas da María, o bar O Portón, a cafetería A Botica, A Taberna, O Rego Gastrobar e o bar Chapakuña3.

Os clientes que votaban a mellor tapa tiñan que incluír tamén os seus datos persoais na tarxeta o que lles permitirá entrar nun concurso dotado con numerosos premios.

XIV Certame Celtibérico de Quiroga



Participaron bandas de gaitas de Galicia, Asturias, León e Portugal.

Quiroga celebrou o XIV Certame Celtibérico de Bandas de Gaitas. Na primeira categoría do certame, o primeiro posto correspondeu á Real Banda Xuvenil da Deputación de Ourense. A banda de gaitas do Concello de Chantada conseguiu o primeiro posto da segunda categoría. No certame actuaron 22 integrantes, aínda que a agrupación conta con máis músicos que agora están de baixa afectados pola covid. A banda chantadina interpretou tres pezas: Muiñeira de Ponte Sam-

paio, Cantigas de Ourense e a Marcha do entrelazado de Allariz, un tema popularizado por Carlos Núñez. A formación xa gañara o primeiro premio da segunda categoría na edición deste certame celebrado en 2017

Na terceira categoría gañou a banda portuguesa de São Tiago de Cardelos e na cuarta, a banda de gaitas Insua, de Tui. Nesta edición do concurso participaron en total preto de cincocentos músicos pertencentes a bandas de Galicia, Asturias, León, Portugal e a emigración galega.

Máis información na nosa web
www.novasdoeixoatlantico.com

Redacción

A Feira Medieval encheu Monforte de visitantes

Miles de monfortinos e foráneos asistiron á Feira Medieval enchendo durante dous días rúas e prazas do centro histórico e admirando as diferentes actividades programadas polo Concello. Os principais escenarios do festexo foron as prazas de: España, Santa Clara e San Antonio, así como o atrio da igrexa da Régoa e o recinto do colexio dos Escolapios. Nestes focos de atención organizáronse talleres participativos, xogos infantís, torneos, concursos de traxes de época e espectáculos de cetrería. Durante a fin de semana do 16 e 17 de abril, sete grupos de música estiveron a actuar polas rúas céntricas desde as dez de mañá ata o solpor. En varias rúas instaláronse 103 postos de venda de produtos artesanais,



Grupo musical pola rúa Cardenal.

gastronómicos e outros artigos. O programa de actividades pechouse cun espectáculo de música, lumes e acrobacias pola noite xunto ao parador de San Vicente do Pino.

A última edición da Feira Medieval de Monforte foi a de Semana Santa do 2019. A pan-

demia que obrigou a cancelar as convocatorias dos dous últimos anos impediu que a feira obtivese a categoría de festa de interese turístico de Galicia, para o que se require celebrar vinte edicións. O goberno local fixouse a meta de obter esta categoría en 2024.

Premios nos concursos da XVIII Feira Medieval

José Tomé Roca, alcalde de Monforte, fixo entrega dos premios correspondentes ós diferentes concursos convocados arredor da XVIII Feira Medieval. Os premiados e premiadas nas diferentes categorías foron os seguintes: VI Concurso de Decoración de Balcóns. 1º premio: Casino Ateneo 100€. 2º premio: Belén Prieto, de rúa Falagueira, 11, 75 €. 3º premio: Victoria Saco, de Carude, 46, 50€. VII Concurso de Decoración de Establecementos Comerciais e Hostaleiros: 1º premio: Fildar, Doutor Casares 12, 200€. 2º premio: Zapatería Dos Pies, Cardenal 10, 100 €. 3º premio: Farmacia ortopedia Madiñán, Cardenal 23, 75€.

Infantil: Individual: 1º premio: José Antonio Vila Sánchez, 50 €. 2º premio: Sofía Rodríguez Sequeira, 25 €. Parellas (2 compoñentes): 1º premio: Édgar e Oliver Quiroga Sarceda, 100 €. 2º premio: Ines García Vázquez



Entrega de premios na Praza de España.

e Alfonso Rodríguez Rodríguez, 75 €. Adulto: Individual: 1º premio: Lucía Varela Relegiel, 75 €. 2º premio: Sara Gestal Giménez, 50 €. Parellas (2 compoñentes): 1º premio: Isabel García Sánchez e Pilar Sánchez, 175 €. 2º premio: Aldara Otero Fernández e Patricia Lamas López, 125 €.

No acto de entrega de premios

o rexedor monfortino estivo acompañado pola tenente de alcalde, Gloria Prada, o concelleiro de Obras, Medio Rural e Servizos, José Luís Losada, a concelleira de Cultura, Marina Doutón, o concelleiro de Deportes, José Manuel Mougán, a concelleira de Consumo, Regina López, e o concelleiro de Medio Ambiente, Miguel Tomé.

Esculturas de Osorio no Museo do Viño de Monforte



A exposición de Monforte viaxará a Coruña e ao Museo de Lugo.

Terra Nai" é a exposición de escultura dedicada a Eduardo Rodríguez Osorio que pode contemplarse no Museo do Viño de Monforte ata o día 6 de xuño. A mostra está organizada por Mily Osorio, filla de Osorio nacido en Chantada en 1920 e falecido en Madrid en 1995.

Eduardo Rodríguez empezou a súa carreira artística axudando no taller familiar coa talla de madeira. Viña dunha familia numerosa, humilde e artesá. Aos 18 anos trasladouse a Santiago para estudar na escola de artes e oficios e comezou un tránsito da artesanía á arte. En 1942, a Deputación de Lugo concedeulle unha bolsa para acudir á escola de Belas Artes de San Fernando, en Madrid. Superou as probas de

acceso, consistentes nun debuxo ao natural que pode verse na exposición de Monforte, e en 1943 empezou a estudar. En Madrid coñeceu ao gran mestre escultor Asorey, con quen estableceu amizade.

En Sevilla outorgáronlle un primeiro premio de escultura por unha obra titulada San Francisco, unha talla directa. Desde que terminou de estudar Belas Artes compaxinou a súa vida persoal como escultor coa docencia, como catedrático de Debuxo en institutos de ensinos medios. Estivo en Ribadeo, Betanzos, Ávila ou Madrid, onde se xubilou no instituto Cardeal Cisneros. En 1995 faleceu en Madrid pero está soterrado en Esmeriz ao pé da serra de O Faro.

O alcalde renovou os votos coa Virxe de Montserrat en Monforte

Como é tradición, o Martes de Pascua volvéronse a celebrar os actos das honras á Virxe de Montserrat, sendo día festivo en Monforte. O alcalde, José Tomé Roca, así como diversos membros da Corporación, representantes institucionais, e dos distintos corpos e forzas de seguridade do Estado, acudiron á misa na honra da Virxe de Montserrat, na Igrexa da Régoa, dado que a Igrexa de San Vicente, lugar que tradicionalmente acolle estes actos litúrxicos, segue pechada debido ás obras de restauración que nela se están a levar a cabo. A eucaristía foi presidida polo párroco Rafael Mella e contou, como é tradición coa presenza das Ca-

mareras da Virxen, así como dos membros da súa confradía. Tras a celebración eucarística tivo lugar unha procesión coa imaxe polo atrio da igrexa, e tras ela, o alcalde de Monforte renovou os votos coa Virxe e procedeuse á bendición dos campos. "Dende que eu son alcalde, comprometinme a manter esta importante tradición dos monfortinos e monfortinas na honra á nosa patroa, a Virxe de Montserrat, e deste xeito, hoxe Martes de Pascua, mantivemos esta centenaria tradición na que renovei os meus votos e comprometinme a seguir celebrando tanto este día como o 15 de agosto, no que honramos a nosa patroa", manifestou o rexedor monfortino.

Os rosados, presentes na Feira do Viño de Amandi

A Feira do Viño de Amandi cumpriu en Sober a súa edición número 42 para render homenaxe, aos viños desta subzona da denominación de orixe Ribeira Sacra. Os visitantes degustaron este viño Mencía con diferentes produtos da zona, como queixos, pan ou mel.

A festa, declarada de Interese Turístico, busca poñer de relevo a importancia da actividade vitivinícola na Ribeira Sacra, dando impulso e prestixio ao produto resultante do cultivo da vide nos coñecidos socalcos, no marco da chamada viticultura heroica.

A denominación de orixe Ribeira Sacra está orientada fundamentalmente á produción de viños tintos. A variedade máis cultivada é a Mencía, dando lugar a viños de gran calidade, que salientan polos seus recendos limpos, elegantes e intensos, a súa cor cereixa intensa, brillante e cun ribete púrpura. Entre os viños brancos, cunha produción menor, destacan os que se obteñen das variedades Godello, Albariño e Treixadura.

A zona amparada para a produción deste viño comprende parroquias e lugares de 20 municipios situados ao longo das ribeiras do Miño e do Sil, no sur da provincia de Lugo e no norte da de Ourense. Está constituída -ademais de pola subzona de Amandi- polas de Chantada, Quiroga-Bibeí, Ribeiras do Miño e Ribeiras do Sil.

"Despois destes dous anos longos e difíciles xa se facía esperar un Domingo de Ramos con Sober celebrando o día grande da súa Feira do Viño do Amandi", dixo o alcalde, Luís Fernández Guitián. Chechu Salgado, premio Goya, foi pregoeiro en Amandi. Empezou o seu pregón deixando claro que "se puidese elixir onde nacer, volverá nacer en Sober". Manifestou a súa profunda vinculación a Sober, o lugar no que aprendeu a "andar, a xogar, a bailar, a caer e a levantarme". "Nin nos meus soños máis profundos aparecían da man un Goya e o pregón da feira do viño de Amandi», asegurou.

Os expertos do panel de cata probaron todos os viños presentados ao certame polas 23 adegas



Luís Guitián, Luís Cabarcos, Josefina González, Elvira Fernández, Raquel Arias, Javier Arias e Ángel.



Marco cun cliente na caseta de Adegas Lucenza.



Oscar Naz con visitantes ao stand da súa adega.

participantes e elixiron os mellores. A novidade deste ano é que ás tradicionais categorías de tintos, brancos e reservas sumóuselle a de viños rosados. Os gañadores foron os seguintes: Viños novos: Reitoral de Amandi Mencía 2021. Reitoral Gundivós Amboa 2021. Don Bernardino Mencía 2021. Brancos: Imbrice. Rosados: Regina Viarum Rosae. Outras anadas: Don Bernardino 4Xeración 2018.



Paula, Diego, Rubén, Aquilino, Nicolacas, Moncho e Javier, en Tear de Cadeiras.



Juan, Victoriano, Agustín, Juan Matías e Nacho Orriol, en Gullufre.



Pío, Vanessa, Rubén e Rober.



Figulus, olería de Gundivós.

Redacción LUGO

Sober xa coñeceu o anteproxecto da futura Lei de calidade alimentaria

O director da Axencia Galega da Calidade Alimentaria, José Luis Cabarcos, participou na inauguración da XLII Feira do Viño de Amandi, onde puxo de relevo o potencial da próxima Lei da calidade alimentaria para enxalzar o bo facer das adegas e viticultores galegos.

Cabarcos lembrou que o grande obxectivo da nova norma é que os produtos alimentarios galegos alcancen unha nova dimensión no mercado, favorecendo en consecuencia o desenvolvemento local, a creación de emprego e a diversidade produtiva, ao tempo

que se proporcionan ás persoas consumidoras todas as garantías.

A nova Lei regulará unha certificación de sustentabilidade que busca fomentar o respecto ao medio ambiente, a calidade e a seguridade alimentaria, a protección das persoas traballadoras e da cidadanía, así como unha renda adecuada para os diferentes elos da cadea de valor. Tamén se crearán dous órganos de consulta e participación do propio sector e potenciarase a compra ou contratación pública de produtos e servizos alimentarios cun impacto ambiental reducido.

José Luis Cabarcos destacou a boa acollida dos viños galegos nas feiras Alimentaria e Barcelona Wine Week, onde se degustaron acompañados doutros produtos da nosa terra con distintivo de calidade. Aludiu á Estratexia de dinamización económica, territorial e turística das comarcas vitivinícolas de Galicia promovida pola Xunta, que xa está en marcha para potenciar tanto a imaxe de marca e identidade dos viños galegos como o turismo vinculado aos territorios onde se producen para servir de panca de impulso da nosa economía.

O escritor e xornalista Luís Celeiro, Valedor do Camiño

A distinción, entregada en Samos, estaba previsto que lle fose outorgada o 19 de decembro de 2020, pero o acto tivo que ser aprazado entón por mor da pandemia da covid e as restricións. O colectivo decidiu entregalo en abril ao mellorar a situación sanitaria.

A entidade, presidida por José Fernández, concedeu o título de Valedor do Camiño a Luís Celeiro para recoñecer os seus "méritos como estudoso, promotor e divulgador dos valores" do roteiro xacobeo. É a primeira vez que a Asociación de Comerciantes e Artesáns de Samos fai entrega da distinción e con ela quere "premiar a este veciño, natural de Freixo, pola súa traxectoria e vinculación" co Camiño de Santiago. Un total de 18 colectivos de xornalistas e relacionados co Camiño de Santiago



adheríronse a este nomeamento.

Luís Celeiro participou no Xacobeo 93 e escribiu un libro sobre o sacerdote Elías Valiña. Ademais, foi o primeiro preegoiro da Feira de Produtos Artesanais de Samos, celebrada no ano 1993.

A Xunta constrúe un skatepark en O Saviñao



Xuntanza co alcalde no concello.

Natalia Prieto, directora xeral de Administración Local e Javier Arias, delegado da Xunta, visitaron o Concello de O Saviñao ao que o Goberno galego destinou 40.000 euros ao abeiro da Orde da Infraestruturas de uso público para a construción dun skatepark en Escarón.

Segundo explicou Natalia Prieto, o Concello solicitou a axuda para instalar a infraestrutura deportiva destinada á práctica do skateboard e o patinaxe, xa que segundo indicaron son deportes que están experimentando un importante incremento nos últimos anos e non dispoñían de ningún lugar de práctica para os mesmos.

Nesta liña, indicou que este concello lucense recibiu nos últimos anos preto de 424.000 euros das ordes de axudas da Vicepresidencia Primeira desti-

nadas aos concellos, como unha multipista no campo sintético Currelos, a adquisición dun tractor, a creación dun espazo público de ocio para nenos e maiores en Currelos, o acondicionamento do edificio do concello en Escarón, o formigonado de camiños en Ousende e Diomondi, a mellora de vías públicas municipais e do servizo de recollida e residuos e mobiliario urbano, a contratación de persoal para a protección do ambiente e do espazo natural, a compra dun dumper para a realización de actividades ambientais, así como o mantemento dos espazos de interese ambiental.

No ano 2014, foi galardoado co 3º premio dos Cooperas polo proxecto Emprego Verde Ribeira Sacra dotado con 12.500 euros e outorgado ao Consorcio de Turismo Ribeira Sacra.

Wine Tour

Tren turístico por los viñedos de Amandi en el Cañón del Sil

982 198 717
650 770 179
info@abasacra.com

TODO EL AÑO

Tour especial para excursiones

Tren Turístico Aba Sacra

En grupo, con amigos o en familia.

Pack completo incluye:
Wine Tour, comida, visita a bodega, alfarería y mirador

A Xunta comprométese coas mulleres rurais de Ourense

Susana López Abella, secretaria xeral da Igualdade, reuniuse coa directiva da Federación provincial de mulleres rurais de Ourense (Femuro) na que reforzou o compromiso da Xunta con esta entidade e todas as mulleres rurais que traballan pola igualdade e a loita contra a violencia de xénero. López Abella incidiu na forte implantación de Femuro na provincia de Ourense, con máis de 60 entidades de mulleres rurais asociadas, e a súa "experiencia e traballo no ámbito da conciliación, corresponsabilidade e na prevención e sensibilización contra a violencia machista". Esta labor, que lle imprime unha base social ampla e variada e se traduce en miles de mulleres beneficiarias das súas actividades, fíxoa merecedora dunha das medallas Pardo Bazán na súa edición do ano 2020.

Abordáronse as liñas de colaboración da



Susana López Abella coa directiva da Femuro.

Xunta con Femuro en 2022 como o convenio para o desenvolvemento de accións de sensibilización fronte á violencia de xénero e apoio ás vítimas que o pasado ano se firmou por valor de máis de 19.000 euros. Tamén se trataron as actividades que se levarán a cabo no Foro pola Igualdade que organiza Femuro e que cumpre este ano 18 edicións. En global, a Xunta apoia a Femuro desde 2009 con máis de 360.000 euros.

Ribeiro, eleixida en Burdeos a mellor denominación de orixe

Un viño do Ribeiro proclamouse o mellor en brancos ao obter o Premio Especial Viño Branco no certame internacional "Challenge du vin" celebrado Bordeos (Francia) no mes de abril. Trátase de Ramón do Casar Nobre 2020, de Ramón do Casar.

Recibiron medallas de ouro: Ama Vida 2021, de Adega Alanís. Laudes 2020, de Lázaro Moreno Sotelo. Pazo Tizón Leira Liñariños 2020, de Pazo Tizón. Ramón do Casar 2020, de Adega Ramón do Casar. Ramón do Casar Godello 2020, de Adega Ramón do Casar. Tear dous Dodi 2020, de Diego Doniz Diéguez. As medallas de prata foron para: Pazo Tizón branco 2020, de Pazo Tizón. Pazo Tizón tinto 2020, de Pazo Tizón.

Juan Manuel Casares, presidente do consello regulador, considera que o

éxito alcanzado neste certame é unha mostra máis do interese que segue despertando os viños do Ribeiro: "Estes resultados avalan a magnífica calidade dos nosos viños, froito do traballo de viticultores e adegaíros, pero tamén evidencian o camiño ascendente desta denominación de orixe nos últimos anos".

O Challenge du Vin, con máis de 45 anos de experiencia, é o concurso internacional de viños e augardentes máis antigo organizado en Francia e esta edición reuniu a 530 catadores para analizar un total de 3.179 mostras. Esta competición, cun enfoque aberto e fiel á súa misión de revelar talentos concedeu 970 medallas, das cales 667 foron de ouro e 303 de prata entre os 26 países produtores participantes.

Bike Park Junior

Piscina y circuito termal

Parque Multiaventura *nuevos retos!*

Tirolina

Rutas a caballo

Bike Park *nuevas pistas!*

Tiro con arco

Manzaneda
Estación de Montaña

Actividades en la naturaleza *¡y mucho más!*

Menú Buffet 15€

APARTAMENTOS 3 a 7 plazas desde 80€/noche

Telesilla turística

Senderismo

Pistas deportivas

Rocódromo infantil *nuevo*

Paintball *nuevo*

Rutas bici eléctrica *nuevo*

Eventos MAIO 2022

1 mayo

II Manzaneda DHI

6, 7 y 8 mayo

Marcha moto-turística Adventure Galicia

21 y 22 mayo

Downhill Spain 2022

Manzaneda
Estación de Montaña

988 30 90 90 **manzaneda.com**

PATROCINAN

COLABORAN